<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.

Contidos

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Músicas e danzas do mundo	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre música con voz, a capella e só instrumental en cada unha das manifestacións musicais seleccionadas.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación e interpretación dunha pequeno conto que empregue algúns instrumentos, ou outros, a modo de efectos dramáticos.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía dunha música elixida por este, preferentemente das traballadas nesta UD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa.

Contidos

- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgúns cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

- consciencia e colocación da postura corporal
- respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto.
- notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
- fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz

-dixitación das notas traballadas na fruta

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregarase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia . Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Pantalla
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Páxina web do centro: sección blogue Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Altofalantes
Piano electrónico
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Ukelele
Estoxo
Guitarra
Tubos Sonoros

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula é espazosa, para desenvolver a actividade da danza

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virtual servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente de infantil o curso anterior
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cançons que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	21	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, pois un grande número delas son de observación.

Esta é unha mostra dunha lista de control como táboa de indicadores, calificando do 1 ao 10 polo mestre en cada indicador.

- Discrimina e representa sons fotes e suaves.
- Reconece o timbre dos instrumentos de pequena percusión (pandeiro, maracas, claves e triángulo).
- Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.
- Descubre propostas artísticas do baile e a danza tradicional e popular dos diferentes continentes, con especial fincapé nas de Galicia.
- Discrimina e representa a duración de diferentes sons.
- Identifica sons do entorno e a súa procedencia.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
- 2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
- 3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 25%
- 2º trim. 35%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Cráterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folia que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso:

solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto Santa Cecilia	Concerto no 1º trimestre no centro (en relación á UD4) a cargo dunha das Asociacións Culturais da contorna, a cal interpreta conxuntamente tanto a música como a danza.	X		
Festival de Panxoliñas	Concerto de todo o centro cantando panxoliñas de todos os estilos	X		
Obradoiro de danzas do mundo	Obradoiro de danzas do mundo (en relación á UD4) no centro durante o 2º trimestre, e destinado a todo o 1º ciclo.	X	X	X
Festival do día das Letras Galegas	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3) no salón de actos e de cara ao final do 3º trimestre; aberto ao público			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	14

1. Introducción

Esta é a programación de Proxecto Competencial para 1º de Educación Primaria do C.E.I.P . SERRA VINCICIOS.

Esta programación é unha guía do traballo que se quere realizar ao longo do curso. Hai que ter en conta que pode sufrir modificacións, pois temos que adaptarnos ao ritmo do alumnado, aos acontecementos que puidesen suceder, contratempos, etc. O documento recolle todo o que consideramos necesario para levar a cabo o noso labor docente e favorecer un bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

O Proxecto anual do curso 2023/24 terá como temática “Coidamos o planeta: redución de residuos”.

O C.E.I.P. Serra-Vincios é un centro de educación infantil e primaria, situado nunha zona preto da costa, que conta con gran cantidade de zonas verdes, con horta escolar e invernadoiro, Polos creativos, aula creativa, biblioteca e cociña.

O centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbio e Xián.

As entidades máis significativas coas que conta a parroquia son:

- Asociación veciñal, na que se desenvolven distintas actividades culturais da parroquia para adultos e para nenos.
- Comunidade de Montes, que colabora aportando subvencións para a realización de diferentes actividades culturais e educativas no Centro.
- Escola e Banda de música, varias corais e grupos de gaitas e baile galego, dos que forman parte moitos dos nosos alumnos/as. A escola de música colabora co centro cun concerto didáctico anual.
- A.N.P.A. Santa Mariña, que normalmente organiza actividades extraescolares e excursións ao longo do curso. Tamén subvenciona parte do transporte nas saídas e algunhas actividades complementarias.
- Club de Fútbol de Vincios, do que forman parte moitos alumnos do Centro.
- Agrupación Deportiva Vincios, coa que colabora o Centro en moitas actividades deportivas.

No que se refire ao alumnado, na actualidade, o centro non posúe grupos moi masificados. Consta dun total de 166 alumnos/as e dun cadro docente, na súa maioría, definitivo. Ten unha soa liña cun desdoble en 2º de E.P. cun total de 10 aulas. Organízase en áreas ou ámbitos que terán un carácter global e integrador, orientadas na procura do desenvolvemento das competencias do alumnado.

Nesta aula hai un total de 21 criaturas, 13 nenas e 8 nenos. Hay 8 de nova incorporación ao centro (6 nenas e 2 nenos) .

Cómpre destacar que hai varios alumnos/as con necesidades educativas especiais, polo que se necesitará o apoio da mestra de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.

A área do Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Deste xeito, a área do Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

Esta programación foi deseñada para desenvolver o proxecto "CONTACONTOS PARA A PAZ", nos que se traballen os principais elementos transversais: A non violencia de xénero, a Paz, e a inclusión.

Intentaremos preparar un contacontos por trimestre, para representalos ante o alumnado doutras clases. Para cada un dos contacontos seguiremos os seguintes pasos:

- Investigación e selección de conto
- Elaboración dos escenarios e materiais necesarios para a súa representación
- Representación en forma de contaconto, monecresques ou teatro

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	SELECCIÓN DE CONTO	Buscaremos e seleccionaremos o conto para a Paz	20	9	X	X	X
2	IMPLEMENTACIÓN DE RECURSOS	Elaboraremos os materiais e recursos necesarios	35	16	X	X	X
3	REPRESENTACIÓN	Representaremos un conto coa temática de inclusión.	45	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	SELECCIÓN DE CONTO	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da paz, a non violencia e inclusión nas nosas vidas cotiás	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	IMPLEMENTACIÓN DE RECURSOS	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	REPRESENTACIÓN	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía de traballo no noso centro e concretamente nesta área, concrétese nos seguintes puntos:

Traballo por proxectos e tarefas integradas, relacionados coa vida cotiá que terán que resolver de modo grupal, interactuando e argumentando as súas decisións.

Todo proxecto de traballo estrutúrase nestas fases fundamentais:

Fase 1.- Que sabemos (ideas previas) e que queremos saber (preguntas que nos facemos)

Fase 2.- Busca de información: en libros, contos, revistas, internet, preguntas aos nosos maiores, vídeos ... e partir de aí establecemos

- Obxectivos
- Tempos e espazos
- Recursos
- Actividades

Fase 3.- Realización das actividades.

Fase 4.- Síntese - Itinerario: recapitulación do traballo e elaboración do dossier.

Fase 5.- Avaliación: da mestra/e; dos nenos/as; de outros.

Aprender a observar, a analizar e deducir o que entra polos nosos sentidos.

Aprender a pensar. Promoveranse estratexias para aprender a razoar e a argumentar as súas opinións; así como a defender as súas ideas.

Contextos compartidos: cunha periodicidade semanal realizaremos agrupamentos por ciclo para traballar tarefas, proxectos e/ou obradoiros concretos.

Aprendizaxe cooperativa. Queremos impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando deste xeito toda forma de discriminación. Para iso, establecemos unha liña de aprendizaxe cooperativa desde 3 anos ata 6º, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se van ampliando segundo avanza a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva.

Principio de individualización da ensinanza, atenderase aos ritmos e necesidades individuais do alumnado; é dicir, á diversidade do alumnado.

Consideraranse as intelixencias múltiples do alumno (intelixencia viso- espacial, lingüística, kinestésica- corporal, ecolóxica, lóxica matemática, interpersoal, intrapersoal e musical).

Partiremos do método científico e da resolución de problemas funcionais e relacionados coa experiencia cotiá para propiciar que o alumnado empregue habilidades de razoamento e reflexión.

Matemáticas manipulativas, partindo das vivencias, observación e manipulación.

- Fase manipulativa e experimental: A primeira parte do proceso baséase en observar, manipular e experimentar.
- Fase oral e gráfica: verbalizar os procesos e representalos gráficamente.
- Fase simbólica: Finalmente pasamos á linguaxe matemática escrita.

Enfoque globalizado, de xeito que a través dos proxectos, tarefas e actividades a traballar se engloben todas as áreas posibles.

Aprendizaxe significativa, tomaremos como punto de partida o que o alumno coñece e teremos en conta as súas necesidades e intereses para crear novos coñecementos.

Aprendizaxe lúdica: deseñaremos actividades variadas e con gran compoñente lúdico, pois consideramos que xogando se pode aprender moito e máis doado.

Participación activa: pretendemos que os alumnos aprendan facendo eles mesmos as actividades (gañando pouco a pouco en autonomía). Deste modo, tentaremos estimular a súa actividade en todos os aspectos: manipulativo, motórico, cognitivo, afectivo...

Proporcionaranse variedade de recursos e espazos, así como flexibilización temporal en función das necesidades individuais ou de grupo.

No desenvolvemento desta programación é esencial o emprego da Biblioteca escolar como fonte de recursos e como mediadora na adquisición da competencia informacional e do horto escolar como fonte de experiencias.

Proporcionarase un ambiente cálido e acoledor.

Autoavaliación do alumnado e do profesorado. Tanto alumnado como o profesorado terán que autoavaliar o seu traballo, as súas melloras, o seu logro dos obxectivos, os seus puntos fortes e aqueles aspectos nos que haxa que mellorar.

Aprendizaxes funcionais: queremos que o alumno utilice o aprendido cando o precise, tanto na aplicación práctica do coñecemento adquirido como na súa utilización para levar a cabo novas aprendizaxes.

Potenciación da lectura comprensiva e o gusto pola lectura no seu tempo de lecer como aspecto fundamental para a adquisición de aprendizaxes..

Empregaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para mellorar a nosa expresión e como busca e tratamento da información.

Este proxecto realizarase en 3 partes:

- Que conto imos contar?: Lectura, busca e selección dos contos para representar, análise e debate.
- Como o imos representar? que necesitamos?: elección de formato e elaboración dos materiais e recursos necesarios para a súa representación.
- Preparados, listos, xa!: ensaio e representación dos contos, con posterior debate,

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS: titora e mestra de apoio, e 19 alumnos e alumnas
RECURSOS MATERIAIS: contos, e material funxible (pinturas, tesoiras, teas, lapis, folios, fichas, panos, gomas...)
RECURSOS TICS: 2 ordenadores de sobremesa, 1 ordenador de profesora, panel dixital e tablets. Aula virtual e internet

RECURSOS ESPACIAIS: unha aula de 54 m², cos alumnos distribuídos en mesas dobres en grupos de 3 ou 4. , Biblioteca de centro e biblioteca de aula ben dotadas.

Proporcionaranse variedade de recursos e espazos, así como flexibilización temporal en función das necesidades individuais ou de grupo.

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Neste caso, estamos a falar dunha mestra titora, o apoio durante catro horas a semana dunha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica, afin Audición e Linguaxe, unha mestra especialista en Audición e Linguaxe (3 sesións semanais), un mestre especialista en educación física, unha mestra especialista en música, unha mestra especialista en relixión e unha mestra especialista en inglés.

Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O. E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,... Libros de consulta e lectura, Fichas específicas, Xogos didácticos e materiais manipulativos específicos das distintas áreas (regletas, tangram, calculadora, mapas, globo terráqueo, material de plástico e música...) Materiais diversos da contorna.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenador de aula , robots educativos, proxector, tableta de ciclo, etc.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a cociña, a biblioteca e a biblioteca creativa do centro e sala de polos creativos o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore o alumnado. Xa unha vez comezado o curso, ao inicio de cada unidade didáctica. Esta Avaliación daranos unha idea da situación real de partida do alumnado.

- A partir da información da finalización do curso 2022/2023 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza e aprendizaxe de todo o alumnado.

- Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso, os equipos docentes en colaboración co departamento de Orientación, elaborarán as Adaptacións Curriculares Individualizadas, e os plans de reforzo e recuperación nos casos que sexan necesarios, coa aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Nesta avaliación participará o alumnado, pero tamén o persoal docente que poida achegar información sobre a súa evolución persoal e académica en xeral (departamento de orientación), sexa a titora de sexto curso de educación infantil, sexa calquera docente que mantivera contacto previo suficiente.

No referente a evocación dos coñecementos previos da área, propónse unha pequena chuvia de ideas, que poderán partir de imaxes suxestivas. Aplicarase de xeito grupal e oral.

A análise dos resultados obtidos será crucial para adaptar a programación deseñada, e quedará rexistrada no programa de Xestión Administrativa de educación: XADE.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	35	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

- Coñecemento dos contidos traballados: 50%
- Realización das tarefas: 30%
- Actitude e interese cara o traballo: 20%

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, a partir da súa actitude ante a materia e os seus traballos de aula, mediante táboas de indicadores.

Os traballos serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno ou dossier de unidade didáctica, debuxos e manualidades, e probas obxectivas.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican.

Do 5 ao 1: SEMPRE- CASE SEMPRE- BASTANTES VECES- ÁS VECES- CASE NUNCA

- Traballo: traballa sen distraerse
- Consignas: Respecta as consignas dadas para o traballo.
- Eficacia: Acaba as tarefas no tempo asignado.
- Limpeza: fai o traballo limpo e sen borróns
- Letra: fai a letra clara e coa direccionalidade correcta.
- Marxes e pauta: Respecta as marxes e escribe dentro da pauta con tamaño adecuado a ela.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Identificar e describir as características propias máis características da celebración do tempo litúrxico da Pascua.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica conductas e formas de proceder que xeran un clima de convivencia positivo e inclusivo mantendo actitudes encamiñadas á construción de ambientes emocionalmente saudables.		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Explica accións encamiñadas a empatizar e solidarizarse cos compañeiros/as que o están a pasa por situacións de vulnerabilidade amosando actitudes de acollemento e axuda.		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	.Identifica e describe a motivación que nos leva a celebrar o tempo litúrxico do Pascua.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica e as súas emocións, sentimentos e vivencias e busca a forma de expresalas dun xeito tranquilo e asertivo, sendo tamén quen de recoñecer nos demais eses sentimentos e emocións que condicionan as relacións na aula.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o transmisor dunha mensaxe de amor e traballo pola xustiza, buscando nos nosos comportamentos e entorno actitudes que nos converntan tamén en transmisores e exemplos positivos.		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrinto o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Identifica é pode explicar e describir, por medio de diversas expresións artísticas, os feitos relacionados coa Pascua, e identifica os persoeiros relacionados con ditos feitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.

Contidos

- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.
- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.
- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.
- Expresa vocabulario do Nadal, Semana Santa e Pascua.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.
- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- María, a Nai de Xesús.
- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.
- A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.
- Relatos de perdón.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
7	Contos da Biblia: O xigante Goliat e o pequeno David.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar no relato de "David e Goliat" os valores e principios que pretende transmitir, relacionándoo con accións e comportamentos que favorezan e fomenten a súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoo cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica e implementa condutas e formas de proceder que xeran un clima de convivencia positivo e inclusivo mantendo actitudes encamiñadas á construción de ambientes emocionalmente saudables.		
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	É quen de identificar nel o nela mesma e nos demais, accións e comportamentos que fomentan a convivencia pacífica e inclusiva e que favorecen a resolución positiva dos conflitos.		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	É quen de identificar nel o nela mesma e nos demais, accións e comportamentos que fomentan a convivencia pacífica e inclusiva e que favorecen a resolución positiva dos conflitos.		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Pode describir, na medida das súas posibilidades a riqueza cultural, histórica e de transmisión de valores que nos amosa o relato de "David e Goliat" como expresión da nosa identidade.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Describe as súas opinións, froito da reflexión, sobre as mensaxes encerradas nos contos e relatos traballados, sendo capaz de conectalo coa súa conciencia dun xeito crítico e construtivo.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoo no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	É consciente das súas emocións, sentimentos e vivencias e busca a forma de expresalas dun xeito tranquilo e asertivo, sendo tamén quen de recoñecer nos demais eses sentimentos e emocións que condicionan as relacións na aula.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o transmisor dunha mensaxe de amor e traballo pola xustiza, buscando nos nosos comportamentos e entorno actitudes que nos converntan tamén en transmisores e exemplos positivos.		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubriendo o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Identifica é pode explicar e describir, por medio de diversas expresións artísticas, os feitos relacionados co relato de David e Goliat, e identifica os persoeiros relacionados con ditos feitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.
- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.
- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.
- A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- María, a Nai de Xesús.
- A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.
- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.
- Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
8	Que non falte a alegría!	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	É quen de identificar nel o nela mesma e nos demais, accións e comportamentos que fomentan a convivencia pacífica e inclusiva e que favorecen a resolución positiva dos conflitos.	PE	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Amósase autonomo e autónoma con respecto as súas responsabilidades, é respetuoso co grupo-clase poñendo en práctica comportamentos que favorecen a convivencia pacífica e inclusiva,		
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica conductas e formas de proceder que xeran un clima de convivencia positivo e inclusivo mantendo actitudes encamiñadas á construción de ambientes emocionalmente saudables.		
CA1.4.1. - Recoñecer que palabras, xestos e accións son mais axeitadas para colaborar coa mellora da convivencia e sustentabilidade do lugar onde vivimos	Identifica aquelas palabras, xestos e accións que melloran a convivencia e embelecen o lugar onde vivimos actuando tendo en conta dito principio de convivencia, sendo capaz de implementarlalas na súa relación cos compañeiros.		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Pode describir, na medida das súas posibilidades a riqueza cultural, histórica e de transmisión de valores que nos amosa o relato traballado na unidade como expresión da nosa identidade.	TI	89
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autocoñecemento persoal e as vivencias dos outros.	Describe as súas opinións, froito da reflexión, sobre as mensaxes encerradas nos contos e relatos traballados, sendo capaz de conectalo coa súa conciencia dun xeito crítico e construtivo.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica e as súas emocións, sentimentos e vivencias e busca a forma de expresalas dun xeito tranquilo e asertivo, sendo tamén quen de recoñecer nos demais eses sentimentos e emocións que condicionan as relacións na aula.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o transmisor dunha mensaxe de amor e traballo pola xustiza, buscando nos nosos comportamentos e entorno actitudes que nos converntan tamén en transmisores e exemplos positivos.		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.

Contidos

- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.
- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.
- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.
- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.
- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.
- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.
- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- María, a Nai de Xesús.
- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.
- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquiera as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave,
- Fomentarase a aprendizaxe por competencias: con metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real: as Tarefas integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, velando por un tratamento equilibrado das mesmas.
- Mediante o traballo colaborativo e en equipo, integraranse as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e atenderase aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo.
- Atención personalizada, velará polas necesidades individuais do alumnado, e permitirá que se establezan os mecanismos de reforzo no momento en que se detecten dificultades de aprendizaxe.

A metodoloxía de traballo no noso centro concéntrase nos seguintes puntos:

- Traballo por proxectos e tarefas integradas, relacionados coa vida cotiá que terán que resolver de modo grupal interactuando e argumentando as súas decisións.

Pódese dicir que todo proxecto de traballo estruturarase en seis fases fundamentais:

Fase 1.- Que sabemos (ideas previas) e que queremos saber (preguntas que nos facemos)

Fase 2.- Busca de información: en libros, contos, revistas, internet, preguntas aos nosos maiores, vídeos ¿ e partir de aí establecemos

- Obxectivos
- Tempos e espazos
- Recursos
- Actividades-

Fase 3.- Realización das actividades.

Fase 4.- Síntese ¿ Itinerario: recapitulación do traballo e elaboración dos dossier.

Fase 5.- Avaliación: da mestra/e; dos nenos/as; de outros.

- Aprender a pensar. Promoveranse estratexias para aprender a razoar e a argumentar as súas opinións; así como a defender as súas ideas.
- Aprender a observar, a analizar e deducir o que entra polos nosos sentidos.
- Contextos compartidos: cunha periodicidade semanal realizaremos agrupamentos por ciclo para traballar tarefas, proxectos e/ou obradoiros concretos.
- Aprendizaxe cooperativa. Queremos impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a

axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando deste xeito toda forma de discriminación. Para iso, establecemos unha liña de aprendizaxe cooperativa desde 3 anos ata 6º, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se van ampliando segundo avanza a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva.

- Principio de individualización da ensinanza.- Atenderase aos ritmos e necesidades individuais do alumnado; é dicir, á diversidade do alumnado.
- Atenderase ás intelixencias múltiples do alumno (intelixencia viso- espacial, lingüística, kinestésica- corporal, ecolóxica, lóxica matemática, interpersoal, intrapersoal e musical).
- Partiremos do método científico e da resolución de problemas funcionais e relacionados coa experiencia cotiá para propiciar que o alumnado empregue habilidades de razoamento e reflexión.
- Enfoque globalizado, de xeito que a través dos proxectos, tarefas e actividades a traballar se engloben todas as áreas posibles.
- Aprendizaxe significativa.- tomaremos como punto de partida o que o alumno coñece e teremos en conta as súas necesidades e intereses para crear novos coñecementos.
- Aprendizaxe lúdica: deseñaremos actividades variadas e con gran compoñente lúdico, pois consideramos que xogando se pode aprender moito e máis doado.
- Participación activa: pretendemos que os alumnos aprendan facendo eles mesmos as actividades (gañando pouco a pouco en autonomía). Deste modo, tentaremos estimular a súa actividade en todos os aspectos: manipulativo, motórico, cognitivo, afectivo...
- Proporcionaranse variedade de recursos e espazos, así como flexibilización temporal en función das necesidades individuais ou de grupo. No desenvolvemento desta programación é esencial o emprego da Biblioteca escolar como fonte de recursos e como mediadora na adquisición da competencia informacional e do horto escolar como fonte de experiencias. Proporcionarase un ambiente cálido e acoledor.
- Autoavaliación do alumnado e do profesorado. Tanto alumnado como o profesorado terán que autoavaliar o seu traballo, as súas melloras, o seu logro dos obxectivos, os seus puntos fortes e aqueles aspectos nos que haxa que mellorar.
- Aprendizaxes funcionais: queremos que o alumno utilice o aprendido cando o precise, tanto na aplicación práctica do coñecemento adquirido como na súa utilización para levar a cabo novas aprendizaxes.
- Potenciación da lectura comprensiva e o gusto pola lectura no seu tempo de lecer como aspecto fundamental para a adquisición de aprendizaxes..
- Empregaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para mellorar a nosa expresión e como busca e tratamento da información.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula
Material impreso: relatos, contos, fichas de traballo, etc.
Material informático e medios audiovisuais
Material non específico: Natural / Reciclado
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico" sinálase "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

Material impreso: contos, cómics, libros de personaxes bíblicos, parábolas en láminas de cores...

Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TIC e TAC): ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, app "Biblia infantil", CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, o robot escornabot, películas de diversa temática, etc.

Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recolleemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar sus propios xogos ou adornos.

Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, láminas, fotografías,...

Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual, diálogos, exposicións de experiencias vitais para nenos e nenas coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os diferentes contidos que se van traballar en cada momento do curso, sempre partido do entorno máis cercano ao neno.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	12	12	14	14	14	14	12	100
Proba escrita	0	0	0	0	0	0	0	11	1
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	89	99

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que estableceréi con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a) Implicación e esforzo na materia: 45%

Aproveitamento do tempo.

Esforzo e participación activa en cada sesión.

Implementa accións encamiñadas a amosar respecto polos compañeiros e as súas aportacións.

Identifica ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 32%

d) Comportamento en xeral na aula respecto á materia 8%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Niveis de Frecuencia: Sempre - Case Sempre - Case Nunca - Nunca.

Criterios de recuperación:

Cando o alumno ou alumna non supere os mínimos establecidos, deberei centrar a miña práctica docente en garantir a súa consecución. Para elo, servíreme da repetición dos mínimos de aprendizaxe nas unidades didácticas, ou a inclusión de mínimos de menor dificultade en unidades posteriores.

Nesta fase faise unha revisión da avaliación, centrada, sobre todo, no alumnado que aínda non superou as aprendizaxes.

- Realizar probas específicas para a recuperación das aprendizaxes non superadas (sempre que eu, como mestra, o considere necesario).

- Establecer medidas para a recuperación de estándares como: o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles, as modificacións ou adaptacións do currículo que se recollen nun Plan de traballo individualizado.

Todas estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas as dificultades. Estas medidas van dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo, que está orientado ó dominio das aprendizaxes instrumentais e a adquisición das destrezas e habilidades de traballo e estudo.

6. Medidas de atención á diversidade

A finalidade destas medidas é adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado da aula.

No día a día tentaremos articular medidas para acadar os obxectivos propostos, como as seguintes:

- Organización da aula en agrupamentos que posibiliten a colaboración e a cooperación: traballo en equipo, por parella, individual...
- Partir dos coñecementos previos para adaptar e individualizar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Potenciar a autonomía e a reflexión persoal empregando diversas metodoloxías na resolución das tarefas.
- Empregar recursos e materiais diversos: audiovisuais, manipulativos, tecnolóxicos
- Favorecer un clima de confianza e respecto, potenciando o diálogo no aula.

Ademais, e segundo o que nos di a LOMLOE, o artigo 75 sinala a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos, polo tanto, adecuarase o proceso de ensino aprendizaxe a aqueles nenos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar NEAE (necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar) establecendo as medidas oportunas, curriculares e organizativas, do tipo de:

- Detectar as necesidades educativas o máis pronto posible coa colaboración do Departamento de Orientación.
- Mobilizar os recursos humanos e materiais precisos ante a detección de necesidades concretas dun/ha alumno/a.
- Adaptar os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Realizar programas de reforzo e de ampliación, de ser preciso, establecendo plans de reforzo individuais.
- Organizar, por parte do Departamento de Orientación, os reforzos e apoios do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe
- Elaborar, por en práctica e manter actualizadas as necesarias AC.
- Permanecer durante un curso máis na etapa, ou flexibilizar, de ser necesario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual, TIC e TAC	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer		X	X	X		X		X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A: * Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos. * Comunicación audiovisual e TIC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación. * Competencia dixital. * O fomento da creatividade no alumnado. * Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental. * Educación moral e para a PAZ. * Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades positivas * Expresión oral e escrita. * Foméntarase o espírito crítico, científico e o emprendemento. * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible. * Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. * Educación emocional e en valores. * Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade. Os elementos transversais citados estarán presentes en todas as unidades recollidas na presente programación, estando interrelacionados e sempre en relación coa realidade máis cercana a nenas e nenos. Os contidos traballados en relixión católica fan un especial fincapé na transmisión dos valores universais e na educación emocional, polo tanto estarán sempre presentes no quefacer diario dentro da aula. O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, a diversidade familiar, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade..., todos eles son aspectos os que incidiremos ao longo de todas as unidades didácticas e pequenos proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Panxoliñas de Nadal.	Actividade realizada a nivel de centro, onde están integrados todos os cursos e mestres.	X		
Elaboración de Murais.	Ditos Murais terán como protagonista unha temática diferente: dinámicas de cohesión, nadal, pascua, valores e ed. emocional, etc.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lecturas que ensinan e emocionan.	Actividade integrada e proposta dende a Biblioteca do centro, implicando a todo o alumnado. Así como tamén contacontos e traballos a partir deles.	X	X	X
Pascua.	Sesión de contacontos sobre a Pascua e elaboración de manualidades relacionadas coa tradición cultural en cuestión.		X	X

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

"A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade"

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Tento facer clases amenas e motivadoras
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego de ferramentas TIC
Medidas de atención á diversidade
Utilizo medidas de atención á diversidade
Clima de traballo na aula
Consigo que o alumnado traballe en equipo

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo en equipo con outros mestres/as
Implico as familias
Outros
Avalío constantemente miña propia práctica docente

Descrición:

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

- Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos, murais, exposicións, etc. que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes" polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC e TAC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante o proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír o proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

* Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos

alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

* Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo

* Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais) en,

-Fichas de actividades e xogos de cada U.D.

-Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre

-Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo

-Traballo cooperativo

-Manualidades, pasatempos

-Xogos de mesa, de creatividade,

-Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, coas gafas virtual, co escornabot, na aula virtual...

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaréinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

* e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Niveis de Frecuencia: SEMPRE -CASE SEMPRE- NUNCA - CASE NUNCA.

PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a

- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente

- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados

- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

* Aos alumnos.

* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados